

No *humus* da aldea

Corre moitas veces que a personaxe acaba ocultando a persoa, que a figura que desempeña un cargo acaba substituíndo o ser humano que o ocupa. Luís González Tosar (Buenos Aires, 1952) é presidente do Pen Clube de Galicia, personaxe pública en diversos medios de comunicación e mesmo coñecido recitador da súa poesía, organizador de eventos de dimensión internacional (lembremos o encontro mundial da poesía que anesgou San-

Das paixóns da saudade

ROMÁN RAÑA

Varela, alcanza cume en Otero Pedrayo e, sobreto- do, en Aquilino Iglesia Alvariño e, xa na actualidade, nun poeta como Arcadio López Casanova.

Este deliberado mergullo na voz fonda da terra, nas súas palabras primixenias está vinculado á paixón do noso escritor: a terra e a fala son unha e mesma cousa. O noso destino como nación e o destino da nosa lingua van intimamente unidos.

Por iso un dos temas
m á s

progreso van despoboando o noso país. Isto enlaza co noso mal fado colectivo, coa nosa derrota histórica, “Arma virinque cano”.


A forza poderosa que mitiga esta desolación, que unifica o poemario, que garante a unidade do conxunto e a súa cohesión é a nostalxia, a saudade da terra e dos seres queridos, o infindo amor que suscitan. A propia escolla do vocabulario é un síntoma do antedito e, mesmo, esa especie de panteísmo léxico que o sustenta (precioso o poema “Semente ecolóxica”). Resultan estrañas, mais moito interesantes, as páxinas en prosa da terceira sección.

O libro é rico e plural. Nel achamos un canto a Celanova, a Lorca, a Carlos Casares, a un escultor, a Kavafis, ao mozo palestino (moi fermoso), á morte.

UN VOLUME RICO E
PLURAL, INZADO
DE VELLAS
PALABRAS
AUTÉNTICAS

tiago coas voces e os nomes máis senlleiros do panorama poético do orbe), etc. Todas estas ocupacións poden desviar a atención respecto á súa dimensión como poeta e, mesmo, condicionar ou desvirtuar a lectura da súa obra, a apreciación da súa valía.

Estúrdiga materia contén magníficas ilustracións de Quintana Martelo e un exaltado prólogo de Méndez Ferrín. Divídese en catro seccións. A primeira, “Abrente encandullado na blasfemia; xuramento;” “Matria carol no luscofusco”, a segunda; a terceira, “Contraverso Setestrello” e a cuarta, “Brilla, tesoura de Átropos.” Xa desde o título, o primeiro que reclama a nosa atención é a lingua empregada polo artista. Notamos, axiña, un cúmulo incesante de palabras descoñecidas, francamente en desuso, totalmente inhabituais que, para a maioría dos lectores, están fóra do tempo e do espazo, mais que intuimos verdadeiras, auténticas na súa estranxeza. Esta dirección lingüística, que afonda no humus terráqueo da aldea, do terrón, da zona dialectal, non é unha invención do Tosar, non. Ten ilustres predecesores, comezando polo primeiro Noriega



obse-

sivos do poemario constitúe o berro desesperado por unha Galiza que desaparece, polo universo da infancia que non volta, pola terra e os mortos que non temos. Isto observámolo en “Aveños pra canción”, “Resignación dos ermos”, “Onde ninguén asubía” e “Sub tuum preasidium confugimus”. O éxodo masivo do campo para a vila, a emigración, o avelentamento dos que fican acá, van deixando baleiros os agros, as aldeas, os lugares, que fican habitados por fantasmas, por sombras e por ecos. O avance tecnolóxico e industrial, as luces do

E o derradeiro poema, o mellor, acaba nunha bágoa: “Podo apalpar e cheiro aínda / a que lla despedida. / Dársena Sur, voces e maus a bordo, / a cuberta do paquebote é unha feira, / mais cando o barco comeza, / devagariño, a desatracar, / decátome de que estou deixando atrás / o mellor da miña vida.”

GONZÁLEZ TOSAR, Luís, *Estúrdiga materia*, Ed. Galaxia, Vigo, 2008, 112 páxinas